

O Xogo de creación de empresas #ASoluciónCooperativa enmárcase no programa de actuación 2015 da Rede Eusumo.

A Rede Eusumo é unha rede de colaboración cofinanciada polo Fondo Social Europeo e impulsada pola Consellería de Economía, Emprego e Industria da Xunta de Galicia para o fomento do cooperativismo e a economía social.

A través da Rede Eusumo:

- Foméntase o espírito emprendedor a través da fórmula cooperativa.
- Préstase apoio directo á creación e consolidación de emprego con base na economía social.
- Impúlsase o modelo empresarial no ámbito local, a través de accións de formación, divulgación e asesoramento para o autoemprego colectivo.



A actividade ten carácter gratuíto.

Inscríbete facilitando nome, DNI e email en:

Rede eusumo: [info@eusumo.coop](mailto:info@eusumo.coop) ou 981558008



# # ASoluciónCooperativa

## Xogo de creación de empresas

9 abril 2016  
10:00 a 13:00h

Concello de Covelo, Casa do Concello  
Praza do Mestre Cerviño, 2 36872 (Pontevedra)

## DESCRIPCIÓN E OBXECTIVOS DA ACTIVIDADE!

O xogo consistirá na realización dun caso práctico en grupos, que lles permita reforzar os coñecementos adquiridos previamente. Os asistentes, que disporán de documentación de apoio e da axuda individualizada dos relatores, realizarán unha dinámica de grupo e rematarán cunha breve exposición de 2 minutos, na que presentarán as principais características do seu proxecto.

O obxectivo principal da actividade é que os asistentes coñezan as vantaxes e particularidades da fórmula cooperativa como modelo empresarial máis axeitado para emprender nos momentos actuais. Traballaranse os aspectos clave na creación dunha cooperativa, dende a maduración da idea de negocio ata a súa presentación en público, mellorando así as habilidades dos asistentes como emprendedores no ámbito cooperativo.

A través desta xornada os participantes coñecerán de primeira man as pautas para traballar a proposta de valor dun proxecto empresarial cooperativo, permitíndolles definir un modelo de cooperativa máis eficiente, a través da descrición e o desenvolvemento dunha serie de factores que son fundamentais para o éxito empresarial.

## A QUEN VAI DIRIXIDA?

Esta actividade pretende achegar a fórmula cooperativa a todas as persoas que estean valorando a posibilidade do autoemprego cooperativo como unha saída laboral.

# PROGRAMA

**10:00 H** Recepción e presentación da Rede Eusumo e dos recursos que ten a disposición dos proxectos cooperativos.

**10:30 H** Presentación do xogo de empresa e do caso práctico de empresa cooperativa a crear.

**11:00 H** Realización do caso por parte dos asistentes agrupados en grupos de traballo, titorizados polo equipo docente do seminario.

**12:00 H** Presentación práctica a cargo dos docentes dos aspectos crave para comunicar proxectos e captar financiamento para os mesmos.

**12:15 H** Presentacións por parte dos grupos dos seus proxectos empresariais: "elevator pitch"

**13:00 H** Peche do xogo

